

ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 1 AO 5 DE XUÑO

RUTINAS DIARIAS:

- Traballar a data: día da semana, número de día, mes do ano e o número do ano.
Cancións en youtube: **Canción los días de la semana, Los meses del año.**
- Estación do ano: Canción en youtube: **La primavera ya llegó - Rock infantil.**
- Tempo que vai. Podemos recitar a poesía: **Ventá da clase, dime que día vai hoxe? Dime se o sol saíu ou a nube o tapou, se a choiva cae, cae, o vento sopra hoxe. Ventá dime xa, que día vai hoxe?**
Recordade anotar o tempo de cada día, para poder contar cantos días fixo sol, chuvia...
- E lembre que antes de empezar a traballar podeades facer uns minutíños de MINDFULNESS ou de EXERCICIO, tal e como se propuxo a semana pasada.

Esta semana temos un reto para todos/as aqueles/as que levan un artista dentro, imos programar unha actuación con todos os seus elementos.
Se a algún/ha non lle apetece ou non pode, vos mando tamén unha opción alternativa.

ASÍ QUE EMPEZAMOS CANTANDO!

HABÍA UNHA VEZ...



(Preme na imaxe para escoitar a canción)

... UN CIRCO!

LUNS 1:

Mira con atención este vídeo e aprende o ritmo para poder facer unha **ACTUACIÓN** BRILLANTE. Este vai ser o teu espectáculo estrela .Practica todos os días un pouquiño ata o día da actuación.




Podedes completar o espectáculo con outras actuacións, participando vós, a vosa familia, ou incluso con bonecos. Déixovos algunhas imaxes, pero seguro que se vos van ocorrer ideas xeniais:



Se non vas facer o espectáculo, aprende igualmente o ritmo, é moi divertido.

MARTES 2: Elabora un **CARTEL** para anunciar a túa actuación:



1. O teu nome artístico: Busca un nome chamativo e escríbeo con letras grandes e bonitas:

“O/A GRAN...” ou **“O/A INCRIBLE...”**

2. O nome do espectáculo: ponlle un nome que dea unha pista do que vas facer.

3. A hora: debuxa nun reloxo as agullas marcando a hora á que vai ser o espectáculo. Recorda que tes que debuxar dúas agullas, unha grande apuntando ás 12, e unha pequena apuntando á hora a que queiras facer o espectáculo.

- [*Esta canción axudarache a entendelo mellor.*](#)
- **Podes practicar tamén a escribir as agullas do reloxo na FICHA 1**

4. O día: Pon o día no que vas facer a actuación, repasa os días da semana para saber cómo se escriben.

5. Decora o teu cartel: Podes usar o modelo da **FICHA 2**, ou podes debuxar ti o cartel como queiras, pero non esquezas ningún detalle.

Faille foto ao teu cartel e envíalla ás persoas que queiras que te veñan ver (xa sabes que non poderedes ser máis de 10 e debedes gardar distancia de seguridade).

Se non vas facer o espectáculo, hoxe podes traballar as horas coa canción e a ficha do reloxo. FICHA 1

MÉRCORES 3: fai as **ENTRADAS**, para despois “venderllas” aos invitados. Ti decides se cobras cartos de verdade ou non 😊.

Ponlle o nome da persoa invitada e tamén un prezo, para que pareza de verdade, e recorta cada entrada coa forma que máis che guste.

Podes utilizar o modelo da **FICHA 3** ou podes elaborar as túas como ti queiras.



*Se non vas facer o espectáculo podes facer a **FICHA 4** escribindo o nome das partes dunha pista de circo. Se non podes imprimir, escribes o número de cada parte nun papel e alí pos o seu nome.*

XOVES 4: hoxe imos preparar a **VESTIMENTA** para a túa actuación, podes buscar roupas axeitadas pola casa, e fabricar algún complemento. Aquí che deixo algunhas ideas:



*Se non vas facer o espectáculo, podes facer a **FICHA 5** “Busca as 7 diferenzas”. Intenta ler o que pon na ficha .Non entendes ben o que pon? Qué pode pasar? 🤔ESTÁ EN FRANCÉS!!*

Pero aínda así poderemos resolvela ,verdade? Se non tes impresora busca as diferenzas na pantalla.

O DÍA DA ACTUACIÓN:

1. Prepara o “**escenario**” e os asentos, podes decorar un pouco a casa.
2. **Ensaia** unha última vez a túa actuación.
3. Podes tamén prepararlles “**palomitas**”, para que a tarde sexa máis completa: se é así antes de metelas no microondas, mira con moita atención as **instrucións** (o tempo, a temperatura...) e despois fainas **sempre en compañía dun adulto**.

Van chegando os invitados e imos aproveitar para traballar os números **ORDINAIS**, que son os que nos indican a posición de algo nunha fila, nunha lista...

Os ordinais escríbense poñendo un "o" pequeno arriba e á dereita de cada número. Mira este vídeo para entendela mellor:



Imos facer unha lista na que anotemos os invitados que van chegando:

1º: PRIMEIRO
2º: SEGUNDO
3º: TERCEIRO
4º: CUARTO
5º: QUINTO

6º: SEXTO
7º: SÉTIMO
8º: OITAVO
9º: NOVENO
10º: DÉCIMO

*Se non vas facer a actuación podes traballar igualmente os números ordinais na **FICHA 6**, e por suposto podes facer tamén “palomitas” seguindo as instrucións e acompañado dun adulto.*

E SE FAS A ACTUACIÓN NON ESQUEZAS ENVIARNOS UN VÍDEO!!

yolanda.rodriquez.vila@gmail.com

mdavila@edu.xunta.es

FICHA 1

¿Qué hora é?

HORAS EN PUNTO



@acrbio

<http://www.imageneseducativas.com>


Imágenes

Educativas.com



SEN Teacher

© BY NC SA

Agora practica ti poñendo distintas horas nos reloxos:




FICHA 2



Circus

-Name Tags-



FICHA 4

NOME.....DATA.....

ESCRIBE O NOME DAS DISTINTAS PARTES QUE TEN UNHA

PISTA DE CIRCO




Les 7 différences

Trouve les 7 différences sur le dessin de droite puis colorie le dessin de gauche.




Les 7 différences

Trouve les 7 différences sur le dessin de droite puis colorie le dessin de gauche.



ACTIVIDADES

- ✓ Colorea la carpa del circo de diferentes tonalidades de rojo.
- ✓ Escribe los números ordinales que faltan en la fila de niños.
- ✓ Colorea los rombos del traje del payaso de verde y los triángulos de azul.
- ✓ Rodea al personaje tan alto como el presentador..



¿Como lo he hecho?

